

CATERVA



SÓLODOS


Seiscordas Galicia é un programa especial en Teatro Ensalle comisariado por Sólodos coa colaboración de Galicia Danza Contemporánea.

Celébrase os días 25, 26 e 27 de outubro 2019 no Teatro Ensalle de Vigo. No Seiscordas Galicia 2019 preséntanse as pezas Colectivo Glovo “Mapa”, Elvi Balboa “Ática”, Alba Fernández Cotelo · Cía Exire “ON” e Alejandra Balboa “Do you understand anything? I try...” os días 25 e 26.

O día 27 preséntase o espectáculo **Caterva**, creado para esta ocasión, dirixico por Erick Jiménez · Cía Sólodos e coa participación especial do DJ Jas Processor · 7H Cooperativa Cultural.

Caterva está bailado por Lucía Bocanegra e Elvi Balboa / Cía Ática, Alba Fernández Cotelo / Cía Exire, Esther Latorre e Hugo Pereira / Colectivo Glovo e Alejandra Balboa.

SEISCORDAS GALICIA



caterva

Do lat. caterva 'tropa', 'multitude', 'pelotón', 'cuadrilla'.

1. f. Multitude de persoas ou cosas consideradas como conxunto desordenado (...)

Caterva é un espectáculo site-specific no que varía o elenco galego e o material coreográfico que se traballa para cada ocasión na que se represente, utilizando os recursos dos que dispoña cada novo espazo que acolla o espectáculo.

Dirección e creación: Erick Jiménez

Interpretación e creación: Alba Fernández Cotelo, Alejandra Balboa, Elvi Balboa, Lucía Bocanegra, Esther Latorre, Hugo Pereira.

Espazo sonoro en directo: DJ Jas Processor


Iluminación: Pedro Fresneda · Teatro Ensalle

Coordinación e producción: Maruxa Salas · Cía Sólodos e Manu Lago · Galicia Danza Contemporánea

Producción: Víctor López Carbajales







ESTHER LATORRE

Lugo

Desde temprana idade comenza a súa formación e paixón pola danza e o movemento. No 2003 mergúllase no mundo da danza clásica, o que a levará no futuro a explorar novos ámbitos das artes escénicas.

Galega de nacemento, completa a súa carreira especializándose y graduándose en danza contemporánea no Conservatorio Profesional de danza de Lugo, formando parte da que sería a primeira promoción de profesionais en danza contemporánea de Galicia, diplomándose á súa vez en Maxisterio de Educación Física na mesma cidade.

Desde entón, traballou con compañías como Jove Companyia de Dansa Gerard Collins (Valencia), Moudansa (Valencia), Companhia de Dança no Norte (Portugal)... ou a compañía Maduixa Teatre, da que forma parte actualmente e que foi galardoada recentemente co Premio Max ao Mellor Espectáculo de Rúa por “Mulier”.

HUGO PEREIRA

Porto - Portugal

Comenza a súa formación no Conservatorio de danza de Aveiro, onde se graduará no 2015. Recibe diversas formacións en danza contemporánea con mestres como: Akram Khan Dance Company, Sagi Gross (GrossDanceCompany, NEDERLANDS), Shirley Esseboom (NEDERLANDS), Víctor Hugo Pontes (Nome Proprio, PORTUGAL), Bruno Alexandre (PORTUGAL), Carmela García (Otradanza, ESPANHA), Julia Weh (ALEMANHA), Romulus Neagu (PORTUGAL)...

Formou parte da Compañía de Dança do Norte na producción de 2015-2016 “Barulhos nossos” e participou en diversos festivais nacionais e internacionais de creación.

Actualmente está inmerso no proxecto GLOVO, no que, xunto a Esther Latorre, desenvelva o seu traballo de creador e intérprete. Cabe destacar o recente galardón no festival de solos e dúos SÓLODOS EN DANZA 2016 coa peza “MAPA”, que tamén foi seleccionada para formar parte do festival Camp In Encuentro Escénico de San Luís de Potosí, México.

ALBA FERNÁNDEZ COTELO

Ourense (1987)

Bailarina, profesora e coreógrafa de Danza Urbana e Contemporánea.

Licenciada en Filoloxía Inglesa.

Formada en danza clásica no *Conservatorio de Danza da Deputación da Coruña*. Posteriormente se especializa en Danza Contemporánea baixo a docencia de Armando Martén, Ana Beatriz Pérez, Kirenia Martínez e Alexis Fernández. Completa a súa formación na Academia de Danza e Teatro *Artestudio* e na Asociación Cultural *Manicómicos*, entre outras, cursando teatro, técnicas de circo, bailes latinos e acrobacias aéreas.

Fórmase en danza contemporánea (dende 2006 ata a actualidade) en diferentes formacións intensivas impartidas por coreógrafos/as de renome a nivel nacional e internacional (Colin Sinclair, Chevy Muraday, Marta Schinca, Laura Aris, Jorge Jáuregui, Ángela Fernández, etc). Tamén cursa formacións intensivas como curso de verán en The Place (Londres), Formación Enxebre 2016, 2017 e 2019, etc.

Formada en Danza Urbana en diferentes centros e convencións nacionais e internacionais, en España e Londres. Titulada como Profesora de Danzas Urbanas pola Urban Dance Factory de Barcelona (Hip hop School, Irene Pallarés), con puntuación de Matrícula de Honra. Segue en constante formación da man de profesionais de proxección nacional e internacional (Chey Jurado, Iker Karrera, Kiko López, Bam Martin, Anthony Lee, Lizzie Wicks, Rachel Kay, Antonio León, Isaac Suárez, Karol Galindo, Irene Pallarés, etc).

Actualmente é co-coreógraфа e bailarina con Estefanía Gómez, da Compañía de Danza Urbana e Contemporánea *Exire*, despois de 10 anos de historia xirando por toda a xeografía galega.

Traballa como profesora e coreógrafa de danza contemporánea e urbana en diferentes centros de danza, como a *Escola Municipal de Danza de Oleiros*, a Escola de Música e Danza *Presto Vivace*, entre outros, ademais de impartir diferentes workshops e obradoiros de danza urbana e contemporánea por diferentes puntos de Galicia.

En Setembro de 2019 funda, xunto a Carmen Cotelo e Iván Doval, o Laboratorio Escénico Coop, un centro de artes escénicas situado na Coruña que se especializa na formación, creación e investigación nas disciplinas de música, danza e teatro.

ELVI BALBOA

Elvi Balboa comenza a súa formación en danza no Conservatorio profesional de Granada aos 28 anos. Participou desde entón en numerosos proxectos creativos como Danzamatique en Granada e foi seleccionada para o Proyecto Euro-Mediterráneo Shapers da compañía francesa Ex-Nihilo coa que xirou por 7 países. No 2017 ingresa no Institut del Teatre acompañando a súa formación os seus propios proxectos escénicos como *Ática* en co-creación con Lucía Bocanegra, seleccionada para o Certamen Sólodos en danza, e *Am I What?* a súa primeira obra como directora que

participou no Certamen Internacional de Coreografía de Burgos- New York 2019 e foi seleccionada para o Certamen Coreográfico de Sabadell e Fira Tárrega.

A súa proposta artística céntrase en vehicular a mensaxe da súa propia experiencia a través do corpo e a de todos os corpos que desexan “ser vistos” como individuais, recoñecerse e ser recoñecidos máis alá da colectividade á que pertencen. É pois, mediante a linguaxe da danza, que atopa a estratexia de dar forma á necesidade de compartir, comprender e cuestionar ao individuo e ao mundo que habita.

ALEJANDRA BALBOA

Pontevedra, 1992

Formada en Interpretación e creación en danza contemporánea, Escola Superior de Dança, Lisboa 2015.

Creacións propias:

- “Do you understand anything? I try...”: Coreografía/ Interpretación: Alejandra Balboa.
- “Trick or Treat”: Coreografía/Interpretación: Alejandra Balboa e Teresa Manjua. (Residencia Artística en DEVIR CAPA "Centro de Artes Performativas do Algarve" Portugal, 2016; participante en : Festival Entrelaçados, 2019, Algarve; Teatro Ibérico, 2017, Lisboa; Teatro Turim, 2016, Lisboa).
- “Enhed”: Coreografía/Interpretación: Alejandra Balboa e Joana Almeida. (Participante en Festival “Abril en Danza 2016”).

Outros traballos

- Intérprete en “La partida”, Compañía Vero Cendoya, Festival “Corpo a Terra” 2018.
- Becada pola Compañía Irene K (Bélgica) e Francesca Selva (Siena), ERASMUS + Project. 2018.
- Intérprete en “Barroco Suite”, coreografía de Francesca Selva, Italia 2018: Teatro dei Rozzi. Museo de Santa Maria della Scala.
- Participante en “Free Fall” Cia. Sharon Fridman, Proxecto “Rizoma”. Abril 2016.
- Becada pola Compañía OtraDanza, (2015 – 2016).
- Intérprete en “Efímera” Cia. OtraDanza, Grand Teatre de Alicante, Abril 2016.
- Residencia Artística “Proyecto Metamorfose III”, Auditorium Culturgest, Lisboa 2015.
- Intérprete “Arte da fuga” coreografía: Rui Lopes Graça, colaboración con Escola Superior de Dança, Portugal 2015.
- Intérprete Site - Specific “Mentiras no Castelo” colaboración con Escola Superior de Dança, Abril 2015.

Ensinanza:

- Escola de Danza Essens, Vigo.
- Escola de Danza Deborah Alfaya, Pontevedra.
- Escola de Danza Maite Quiñones, Cangas.
- Academia Dance Academy, Vigo, Outubro 2017.
- Academia de Danza de Ana Carreño, Alicante, 2016.

Dj JAS PROCESSOR · 7H Cooperativa Cultural

Jas Processor, quizás un dos Djs más versátiles da escena galega con más de 15 anos de carreira, é un cazador e investigador de tendencias musicais de baile do pasado e contemporáneas. Incansable coleccionista, demostrou, tanto nos seus sets en solitario como en diferentes proxectos, non deixar indiferente á audiencia, facéndoa vibrar e bailar cun estilo dinámico e vitalista.

Unha das súas características más interesantes é a súa capacidade de “procesar” o son e as cancións de forma creativa e en directo utilizando as técnicas do Dub e a remezcla como unha linguaxe propia na interacción co público e con outros artistas.

A realidade cultural na que se desenvolve e os seus coñecementos levárono a promocionarse e colaborar en proxectos como República Disco Apocalipso, Soundiggers e Soundkill Crew. Cabe destacar, tamén, a súa participación en Os atardeceres no Gaiás, Festival Curtocircuito, Festival 58, Carballo Interplay, Foundation Reggae Festival, Vibra Balboa, Reperkusión ou en clubs como Le Club, el 14!, Patachim, La Huelga, Jaranaclub ou o Puticlú.

Desde 2016 traballa en 7H Cooperativa Cultural e forma parte do equipo artístico da compañía residente en Ensalle: Pisando Ovos.

ERICK JIMÉNEZ· Sólodos

Erick Jiménez gradúase en danza contemporánea na Universidad Nacional de Costa Rica. Master en Artes Escénicas pola Universidad Rey Juan Carlos de Madrid, Mestre de Qigong pola Federación Galega de Kung Fu España, Graduado en Quiromasaxe pola Universidade Popular do Noroeste, A Coruña, España e tamén é maestre de Ashtanga Yoga. Como intérprete e creador ten un intenso currículum traballando en destacadas compañías de danza contemporánea. Colaborou con agrupacións e proxectos ao lado de destacados profesionais da escena internacional.

Erick Jiménez traballou e desenvolveu diferentes proxectos internacionais con: Will Swanson-Dance Project, Mikhail Bahrysnikov, White Oak, Breath and Puppet Theater, Patrick de Bana, Enclave Danza, Roberto Olivan, Roberto Magro, Will Menter, The Babylon Project, Rami Levi, Inma Rubio, Repertorio con Hilde Koch, Frankfurt Ballett, OTRA Danza Asun Noales, Leonardo Santos, Gustavo Ramírez, el Cirque du Soleil, Nandayure Harley, Luis Carlos Vazquez, Joshua Cienfuegos, École Supérieure Des Arts Du Cirque Bruselas, José Antonio Orts, Pierre Bastien, Ramesh Shotham, Pablo Coello, Team in time Carlos Ramirez, Nasrin Amirsedgh, The Babylonian Project, Eduardo Galeano, Helen Walkley, Christy Harrys, Nancy Seitz-McIntyre entre outros.

Erick tamén é profesor de danza, convidado por numerosos centros, universidades e compañías de perfil internacional, así como teatros e festivais, onde desenvolve diversos workshops. Coreógrafo convidado, mestre e director en xira dos espectáculos producidos polo Centro Coreográfico

Galego durante os anos 2007-2009. Mestre e colaborador de Deltebre Danza desde o ano 2003.

Recibe premio a mellor intérprete Generalitat Valenciana 2010, Premio do Pùblico en Sevilla o 2007 e diferentes mencionas e premios á súa creación e repertorio desde o ano 2000. Actualmente, desenvolve a súa carreira artística paralela á xestión e producción escénica. É fundador de Fundación para la Cooperación y el Desarrollo Sociocultural SóLODOS. Dirixe o proxecto e plataforma Cultural SóLODOS, o festival SóLODOS EN DANZA e diferentes plataformas de investigación, xestión e intercambio artístico.

Erick Jiménez dirixe xunto á artista Maruxa Salas o proxecto SóLODOS.

CONTACTO: www.solodos.es info@solodos.es